



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA.

De conformidade coas atribucións conferidas pola Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, e disposicións de aplicación

RESOLVO

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal, que se celebrará na Casa do Concello o 19 de abril de 2016, ás 20,00 horas, de conformidade coa seguinte

ORDE DO DÍA.

- 1º) Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores correspondentes ás levadas a cabo os días 2, 7 e 15 de marzo de 2016.
- 2º) Da conta das Resolucións ou Decretos ditados pola Alcaldía ou Concelleiros delegados.
- 3º) Proposta conxunta dos Grupos municipais de cambio de data de celebración do próximo Pleno ordinario do mes de maio por motivo da coincidencia co Día das Letras Galegas.
- 4º) Proposta de aprobación do convenio de colaboración con outros concellos para a xestión compartida do proxecto de colaboración dun XEODESTINO.
- 5º) Proposta de rexeitar os recursos de reposición plantexados por CSIF e CCOO ó acordo plenario do 2 de febreiro de 2016, sobre a modificación da Plantilla de Persoal de amortización de 2 prazas de Policía Local e crear 1 praza de Inspector de Policía.
- 6º) Proposta de inadmisión do recurso presentado polo Partido Popular ó acordo plenario do 2 de febreiro de 2016, sobre a creación dunha praza de Inspector de Policía Local.
- 7º) Proposta de declarar inadmisibles os recursos de reposición entablados polos sindicatos CSIF e CCOO sobre a amortización de 2 prazas de Administrativos, 1 praza de Delineante e 1 praza de Director da Estación de Autobuses na Plantilla de Persoal.
- 8º) Proposta de aprobación inicial do Regulamento Interno de Acción Voluntaria do Concello de Ponteareas.
- 9º) Proposta conxunta dos Grupos municipais e da Plataforma dos colectivos sociais das parroquias de Areas, Arnosó e Xinzo, para a mellora da seguridade viaria na N-120.
- 10º) Proposta de aprobación inicial da Ordenanza reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Ponteareas.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS
(Pontevedra)

11 °) Mocións

11.a) Moción presentada o 22 de febreiro de 2016, por Esquerda Unida (EU-Son), en relación á proposta de adhesión á campaña BDS, contra a Apartheid Israelí.

11.b) Moción presentada o 17 de marzo de 2016 polo Grupo Municipal Socialista (GMS) sobre rexeitamento do acordo alcanzado entre os Xefes de Estado e do Goberno da Unión Europea con Turquía sobre a devolución a Turquía dos emigrantes e outros aspectos.

11.c) Moción presentada o 2 de abril de 2016, por Esquerda Unida (EU-Son), para o control da abespa velutina.

11.d) Moción presentada o 6 de abril de 2016, polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), para o apoio ós traballadores autónomos da Cooperativa Servicarne, que traballan en Frigolouro.

11.e) Moción presentada o 7 de abril de 2016 por Esquerda Unida (EU-Son), sobre a confesionalidade do Concello.

12°) Comparecencia interesada polo Partido Popular o 10 de marzo de 2016 (registro 1978), para que o Alcalde dé explicacións sobre as empresas contratadas polo concello para levar a cabo diferentes traballos (desbroces en diversas pistas municipais, traballos de mantemento e reparación eléctrica municipal, asistencia e preparación de expedientes administrativos, etc)

13°) Rogos e preguntas.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas quince de abril de dous mil dezaseis.

Ante min
Secretaria accidental